



LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación e ante o Alcalde en relación coa **demanda de modificación da ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Ribeira ten en vigor unha Ordenanza que regula a emisión e recepción de ruídos, sen dúbida é unha ferramenta necesaria que se debe ir adaptando e mellorando á realidade social do noso concello.

Dicir que son moitos os grupos musicais e solistas que queren tocar en diversos espazos públicos do noso concello (prazas, rúas, parques, terrazas de locais hosteleiros, etc) e que o teñen que facer de xeito “alegal” xa que non está recollido na normativa municipal.

Estas actuacións musicais son reclamo turístico e de esparcemento cultural na nosa cidade e polo tanto deberían ser ordenadas na lexislación municipal.

Ante esto o Grupo Municipal do BNG

SOLICITA:

Que o concello de Ribeira, **modifique a ordenanza de ruídos para que se expliciten zonas do noso concello onde se poden desenvolver actuacións musicais en directo, horarios, niveis de ruído permitidos, etc para que poidan desenvolverse estas actividades de lecer ao aire libre.**

Ribeira, 15 de Setembro de 2008

Asdo.: Luís Teira Parada

Concelleiro do BNG de Ribeira